

OBRADOIRO DE ESCRITURA

CHAVES DA FICCIÓN LITERARIA

CLASES PRESENCIAIS E ONLINE

Coordina: Fernando Ontañón

Fernando Ontañón é escritor e colaborador habitual do xornal *La Opinión A Coruña*. É autor do volume *Relatos invisibles* (Ed. Carena, 2010) e das novelas *El periodista despedido* (Ed. Ézaro, 2014), co que obtivo o X Premio de Novela Corta Dulce Chacón; *El orden invisible de las cosas* (Ed. Ézaro, 2016), e *Mi vida en otra parte* (Ed. Bala Perdida, 2019). En 2022 publicou a súa última novela, *Emboscados* (Ed. Bala Perdida)

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Rúa San Francisco 27. 15001 A Coruña.
Tél. 981 216 015. Fax 981 216 379.
Email: info@fundacionluisseoane.gal

Neste obradoiro repasaremos as técnicas básicas da escritura literaria e os mecanismos da ficción: que temas abordar, como construír unha trama e uns personaxes verosímiles, quen deber ser o narrador da historia... Exploraremos ese universo segredo ao que só os escritores semellan ter acceso para trazar as súas ficcións: a realidade. Ou é que algúen coñece outra dimensión habitable? Como dixo Woody Allen: "Odio a realidade, pero é o único sitio onde se pode comer un bó filete". Pois démoslle uns cantos bocados.

O libro que nos acompañará durante este taller será: *Las pequeñas virtudes*, de Natalia Ginzburg, porque a lectura é a mellor, se non a única, verdadeira técnica de escritura.

Fernando Ontañón

Lectura:

Las pequeñas virtudes, Natalia Ginzburg
(Acantilado, 2002)

Datas e horario:

Do **21 de outubro** ao **2 de decembro** de 2022

Outubro (clases presenciais): venres 21 ás 19.00 h. e luns 24 ás 19.30 h.

Novembro (clases online desde a propia Fundación Luis Seoane): mércores 2 e mércores 16, ambas ás 19:30 h.

Novembro/decembro (clases presenciais): mércores 30 (novembro). 19.30 h. e venres 2 (decembro) ás 19.00 h

PREZO: 100 €.

NOME E APELIDOS:

CORREO ELECTRÓNICO:

PÓDESE ENVIAR O FORMULARIO DE INSCRICIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO / FAX

Nº de conta: **Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673**

Email: info@fundacionluisseoane.gal

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Personais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da Fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se poidan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura da Fundación. Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

Sí, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer a través das devanditas canles.

Non dou o meu consentimento para que publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer.

A Fundación Luis Seoane infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento ata que vostede nolo retire.